

RESOLUCIÓN do 28 de outubro de 2024, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **subgrupo A2, escala de orientación laboral**, convocado pola Resolución de 5 de xullo de 2023 (DOG núm. 129 do 7/07/2023), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o 28 de outubro de 2024, o tribunal nomeado pola Resolución de 30 de setembro de 2024 (DOG núm.191 do 3/10/2024) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **subgrupo A2, escala de orientación laboral**, convocado pola Resolución de 5 de xullo de 2023 (DOG núm. 129 do 7/07/2023)

ACORDA

de conformidade co disposto na base II.1.2.6 da convocatoria, que o primeiro exercicio da oposición, pola quenda de acceso libre e promoción interna, terá lugar o día 17 de novembro de 2024, en chamamento único que se iniciará ás 15:30 horas, no pavillón 2 da Feira Internacional de Galicia Abanca en Silleda.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se poden levar móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Asinado electronicamente

Ana María Freire Rego

Presidenta do tribunal